

LECCIÓN SOBRE PRISIÓN E HUMANIDADE

“Católica practicante, filla dunha familia acomodada, nada parecía predestinarme a seguir o camiño que foi máis tarde o meu”.

Mercedes Núñez, *Cárcere de Ventas*.

Celia Pereira Porto.

**Doutora en Dereito, avogada laboralista,
membro da sección de Pensamento do CCG.**

A cotío son os espazos de luz os que centran a maior parte das nosas miradas, da información, dos enfoques, das análises... Poucas veces desviamos a vista cara ás marxes de xeito demorado, con atención e interese, por comprender, por cambiar as cousas que non están ben, por evitar que a xente sufra. Porén, algunas veces sucede.

Concepción Arenal Ponte foi unha das persoas que reparou na xente que permanece na sombra, homes, infancia e, en especial, mulleres; que están agochadas tras o fume das fábricas, os muros dos prostíbulos e, sobre todo, as reixas das prisións. Ás mulleres presas dedicoulles moitos dos seus escritos e tamén unha grande parte do seu tempo de activismo social e asociativo, co obxectivo de mellorar as súas condicións de vida e traballo.

Nos libros dedicados á cuestión penitenciaria, *Cartas a los delincuentes*, *Estudios penintenciarios*, *El visitador del preso*, nas obras destinadas a analizar a situación das súas contemporáneas, *La mujer del porvenir* e *La mujer de su casa*, e tamén

en numerosos artigos publicados no xornal *La Voz de la Caridad*, Concepción Arenal detívose a analizar como era a vida das mulleres que estaban na prisión, os problemas que padecían e a propoñer solucións e reformas para tratar de mellorar a súa situación, de evitar o seu sufrimento.

Tivo un contacto directo coas presas cando a nomearon visitadora de prisións de mulleres en outubro de 1863. Durante ese tempo creou unha Xunta de donas, chamada das “Magdalenas”, da que tamén formaba parte Juana de Vega, a condesa de Espoz y Mina. Esta era a que se encargaba de lerllas ás presas as cartas que escribía Concepción Arenal, en que as informaba do contido dos artigos do Código penal daquela vixente, de 1850, que as levaran ao cárcere, e comentaba algúns deles, en especial, os referentes a delictos cometidos por mulleres. Mentre Juana de Vega lia, Concepción Arenal dedicábase a observar as actitudes que mostraban as presas co obxectivo de tirar conclusións desa interacción.

Cando Concepción Arenal rematou de escribir as *Cartas a los delincuentes*, no verán de 1895, suprimiron o posto que ocupaba, en que foi restablecida, en novembro de 1868, polo goberno provisional, áinda que esta vez co nome de "inspectora de casas de corrección de mulleres", cargo que sería suprimido, de forma definitiva, en marzo de 1873.

Xa pasou máis de século e medio sobre moitos dos textos que escribiu Concepción Arenal, mais o certo é que moitas das cousas que deixou ditas áinda teñen moito sentido e ofrécenos un moi bo material para aprender e reflexionar respecto dos retos que áinda ten na actualidade o sistema penitenciario feminino.

Algunhas cuestiós das que deixou apuntadas Concepción Arenal sobre a situación das mulleres presas teñen un carácter filosófico, mais tamén precisan atención por tratarse do imprescindíbel alicerce ideolóxico que sustenta calquera sistema represivo. Nese sentido é preciso destacar o seguinte

fragmento do artigo “El penal de mujeres de Alcalá de Henares”, publicado no xornal *La Voz de la Caridad*, en Gijón, o 6 de outubro de 1880:

“5º Decimos que la caridad no es tan necesaria en ninguna parte como en una prisión, porque la caridad es amor, y se necesita más para amar a los culpables que a los inocentes. El gran medio de establecer orden entre esas mujeres indisciplinadas no son los calabozos, ni las varas, ni los castigos de ningún género, sino el amor y el respeto; sin duda que se necesitan celdas para las rebeldes, pero estas serán pocas aún en una prisión tan pervertida como la de Alcalá, y la gran mayoría de las reclusas amarán a las que las amen y respetarán a las que son dignas de respeto. Aunque haya entre ellas algunas crueles y perversas, la mayoría, la inmensa mayoría, es tan desdichada, acaso más desdichada que culpable: la miseria, la ignorancia, el amor que ha conducido a la deshonra y de allí al delito, son los primeros autores de él. Además, hay penadas por error de la justicia humana, que no es infalible; porque los tribunales no tienen la conveniente organización; porque no se exige a los jueces los conocimientos especiales para que puedan serlo en razón cuando se trata de justicia penal; porque el mismo hombre falla pleitos y causas, resuelve sobre cosas y sobre personas, distraiendo su espíritu sobre cuestiones heterogéneas, teniendo muchas veces que prestar atención a más asuntos de los que puede estudiar y conocer, en fin, porque hay leyes injustas.

Y su imperfección y la de la justicia humana, además de revelarse en la pena, se manifiesta en la impunidad. ¿Quién no sabe que hay en presidio personas que no debían estar en él? ¿Quién no sabe que gozan de libertad, y aun de consideración y prestigio, personas que debían estar en presidio? Estos motivos de razón, unidos al sentimiento compasivo, harán que las Hermanas de la Caridad amen a las penadas, sean amadas de ellas, y que el orden no dependa principalmente de la disciplina ni sea sólo material.”

Obxecto de especial atención para Concepción Arenal, dentro do sistema penitenciario feminino, foron sempre as presas embarazadas, nais e os seus

fillos e fillas. Respecto da presas embarazadas maniféstase do seguinte xeito cando se pronuncia sobre a “Reforma penitenciaria”, tamén no seu benquerido xornal *La Voz de la Caridad*¹:

“Tanto la presa como la penada encinta deben ser tratadas con especial consideración, y sin perjuicio de las prescripciones particulares del médico, establecer las generales siguientes:

1^a Más variada y nutritiva alimentación.

2^a Trabajo voluntario.

3^a Más ejercicio.

4^a Supresión de penas disciplinarias, a ser posible completa.

5^a Proporcionar compañía a la reclusa, ya por medio de asociaciones caritativas que se formen con este objeto, ya, si no pueden formarse, aumentando el personal lo suficiente para que haya personas consagradas a evitar las consecuencias que la soledad absoluta pudiera producir en la mujer encinta. Su número no es grande, y no debe perdonarse medio para evitar en lo posible las consecuencias de la situación de la madre a la desdichada inocente criatura que tiene la desgracia de salir a luz en una prisión. En la preventiva, si no se abusara de ella, sólo por excepción rara debía de haber una mujer encinta. En cuanto al departamento especial para ellas, si por esto se entiende un local en que comuniquen entre sí libremente, de ningún modo creemos que deba establecerse, no siendo por lo común las que se hallan en este caso entre las que menos inconvenientes ofrece la comunicación con sus compañeras.”

Hai que ter en conta que, segundo os datos do *Informe sobre a situación das mulleres presas*, elaborado en marzo de 2020 pola “Área de Cárceles” da

¹ “Artículos sobre beneficencia y prisiones”, en *Obras Completas*. Madrid, Librería de Victoriano Suárez, 1901, T. XXI, vol. IV, pp 76-77.

“Asociación Pro Derechos Humanos de Andalucía” (APDHA), o 80% das mulleres presas son nais e o 56% ten entre 21 e 40 anos, polo que se encontran no período reprodutivo², o que provoca que a análise e reflexión respecto da situación destas mulleres na prisión continúe sendo esencial para garantir os seus dereitos fundamentais e o desenvolvimento integral da súa personalidade, como establece o artigo 25.2 da Constitución española de 1.978, algo ben complexo cando se vive nun cárcere.

Concepción Arenal non era partidaria de que os fillos e fillas das presas estivesen en prisión, polo seu propio ben, e, de igual xeito se mostrou sempre en contra do uso abusivo da prisión preventiva en España. Considera que a prisión preventiva só debe utilizarse en casos excepcionais, para delictos moi graves, debido ás importantes consecuencias que implica e que son irreparábeis no suposto de que, posteriormente, a persoa en situación de prisión preventiva resulte inocente.

A pensadora ferrolá refírese á prisión preventiva con claras e duras expresións, como "atentado jurídico", "anacronismo", "excepción", "atentado contra el derecho", "imposición de la fuerza"³... Ademais pensaba que a situación era aínda máis intolerábel en España debido ao lamentábel estado dos cárceres e aos hábitos de inercia dos tribunais. Por iso cría que se debía loitar contra o abuso da prisión preventiva e esixiu a súa reducción, por razóns de xustiza, sociais e económicas, só para os delictos más graves, pero suprimíndoala para os leves.

Conforme aos datos ofrecidos polo *Informe sobre a situación das mulleres presas* pode observarse que se continúa realizando un uso excesivo da prisión preventiva en España, que, ademais, é un dos países de Europa occidental cunha maior taxa de poboación feminina reclusa (7,3%). En xuño de 2019 había no estado español 3.597 mulleres penadas e 756 en situación de prisión preventiva.

² *Informe sobre la situación de las mujeres presas. Tratamiento y derechos de las mujeres privadas de libertad en los centros penitenciarios de España y Andalucía*. Sevilla, Asociación Pro Derechos Humanos de Andalucía, 2020, p. 25.

³ ARENAL, C., "Estudios penitenciarios", en *Obras Completas*, T. V, Vol. I, 1895, p. 17 e ss.

Tamén resultan de especial relevancia os datos recollidos no primeiro estudo integral sobre a situación das mulleres privadas de liberdade, presentado pola *Secretaría General de Instituciones Penitenciarias*, en marzo de 2021, por tratarse dunha investigación onde se tivo en conta a voz das propias presas, que contestaron un cuestionario formado por corenta preguntas. De todas as conclusións obtidas nesa recollida de información hai unha que abruma pola súa contundencia: o 70% das presas pensa que ten pouca formación laboral.

Ese dato lévanos de novo a Concepción Arenal e ás súas omnipresentes críticas respecto da formación ofrecida ás mulleres en xeral e, en particular, ás mulleres presas:

"se trata de dar al preso el género de instrucción que le conviene; ¿y a la presa no se la instruirá más que en *las labores de su sexo*? Sería grave error (...)"⁴.

Isto enlaza coa crítica máis xeral á que Concepción Arenal somete a educación feminina. A instrucción que naquel momento se daba ás mulleres (fundamentalmente, "primeiras letras" e "labores propias do seu sexo") non contribuía en absoluto a que puidesen ter unha independencia económica. No pensamento arenaliano esa miseria intelectual é a que leva ás mulleres á miseria económica e esta á prostitución, delincuencia, traballo penoso, matrimonio precoz... Estas "labores *propias* de la mujer, (...) no son propias, sino para entregarla a la miseria y ponerla al borde de la prostitución"⁵.

As mulleres, áinda que cometieran algún crime, teñen a capacidade suficiente para poder reformarse igual que os homes e necesitan algo máis que coñecer os labores "propios" do seu sexo para non volver ter a necesidade de delinquir. "Las delincuentes no son filósofas ni doctoras, ya lo sabemos; pero, en general, tienen

⁴ ARENAL, C., "El visitador del preso", en *Obras Completas*, T. XIII, 1896, p. 221.

⁵ ARENAL, C., "Estudios penitenciarios", en *Obras Completas*, T. VI, Vol. II, 1895, p. 271.

la razón que basta para que comprendan las cosas necesarias, y en todo caso debe enseñárseles lo que puedan y les convenga aprender"⁶.

É sorprendente que tanto tempo despois de que Concepción Arenal escribira esas palabras, no 2021, aínda sexa unha asignatura pendente a formación laboral das mulleres presas no estado español, máis aínda se temos en conta que unha grande parte da poboación reclusa feminina é estranxeira (28%) e de que a inmensa maioría cumpre condena por delictos contra o patrimonio e contra a saúde pública, é dicir, que se trata de mulleres que proceden dos estratos socio-económicos más baixos, polo que, para estaren en condicións de reintegrarse e non ter que volver delinquir, precisan unha formación que lles permita ter acceso a un traballo remunerado así como un sistema de apoio que sirva de ponte para o tamén difícil traxecto da prisión á rúa.

⁶ ARENAL, C., "El visitador del preso", en *Obras Completas*, T. XIII, 1896, p. 220.